



## Forza para combater a pobreza laboral e a carestía da vida

Rematando 2023 seguimos padecendo os altos prezos e a carestía da vida, mentres avanza e se estenden a precariedade e a pobreza laboral a consecuencia da última reforma laboral. Neste novembro, en que se celebra o Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, faise preciso ademais reivindicar, con forza e contundencia, a necesidade de erradicar as desigualdades que sofren as mulleres.

Porén, neste contexto, a Xunta de Galiza presenta uns orzamentos en clave puramente electoral que volven ser unha nova oportunidade perdida para facer fronte á grave situación, cun urxente e necesario Plan de Choque como o que desde a CIG vimos reclamando, desde hai meses, para enfrontar a carestía da vida, a pobreza laboral e o grave proceso de desindustrialización que padecemos.

Nun momento no que se fai imprescindible un incremento no investimento para facer fronte a esta situación, vemos un PP que incide e afonda nas privatizacións e na mercantilización dos servizos públicos.

### Galiza, terra de sacrificio

Todo isto, coa gravidade de que se volve manifestar a crise industrial que asola o noso país e o irreal da mal chamada "transición xusta" que sofre Galiza, unha auténtica reconversión e demolición industrial. Situación que se confirma, máis unha vez, co peche da central térmica das Pontes sen alternativas e con empresas que foron buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, como é o caso de Einsa, que vén de anunciar un ERE que



afecta a 162 traballadoras e traballadores malia ter recibido suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal.

Esta demolición coincide ademais cun momento no que estamos a padecer, con maior intensidade, o proceso de converter Galiza en terra de sacrificio. Encabezamos a produción de enerxía eléctrica e de instalación de parque eólicos e nunca tan mal estivemos en pobreza enerxética.

Isto prodúcese nun contexto español marcado polas conversas para a conformación dun goberno nas que, polo que transcendeu do acordo PSOE-Sumar, todo indica que será máis do mesmo para o mundo do traballo. Polos anuncios feitos por estas formacións confirmábase que manteñen a renuncia á derogación da reforma laboral de 2012 negándose novamente a resolver o aumento da precariedade e a pobreza laboral. Situación agravada pola última reforma, que fomentou e xeneralizou os contratos fixos-descontinuos e a tempo parcial.

### Paremos o xenocidio na Palestina

No contexto internacional Palestina volve ser vítima da violencia e impunidad do Estado de Israel que,

coa complicidade da comunidade internacional, vén perpetrando un xenocidio desde hai décadas. Impunidad que a CIG denuncia e fronte á que reclama o urxente cesamento dos ataques á poboación palestina, cun inmediato cesamento do fogo; a apertura de corredores para facilitar a entrada de axuda humanitaria; a fin da ocupación; o remate do apartheid e a inaprazábel reacción das institucións internacionais e dos estados occidentais para que se poña, dunha vez por todas, fin a estes crimes.

### Negociación colectiva

En materia de negociación colectiva a folga indefinida na limpeza de Lugo é a máis actual demostración da necesidade de entender a folga e a mobilización como vía para conseguir melloras nos nosos dereitos, como así viñemos facendo durante o ano 2023 e que seguiremos facendo para garantir unha vida digna, recuperar o poder adquisitivo dos salarios e impedir que a lóxica do diálogo social e do Acordo Estatal de Negociación Colectiva perpetúe unha realidade de pobreza laboral que temos a responsabilidade de combater.

# 25 de Novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres


## ‘Non hai violencia que nos pare na conquista da igualdade’

A Secretaría das Mulleres da CIG ten convocado, para o vindeiro día 22 de novembro, o XII Encontro de Mulleres da CIG. Ás portas do 25 de Novembro, continúa a denunciar o sistema patriarcal, unha estrutura de organización e dominación sexo-xénero no que prevalece a autoridade e o poder dos homes e do considerado como masculino, mentres as mulleres son despoixadas do exercicio de liberdades, dereitos, poder económico, social e político. “A violencia de xénero é unha das manifestacións máis claras desta desigualdade, das relacións de poder dos homes sobre as mulleres”, afirma.

Denuncia, ademais, a usurpación por parte das institucións das reivindicacións do feminismo de clase. Lembra que novembro é o mes das fitas lilas, dos minutos de silencio e das campañas institucionais que poñen o foco nas vítimas como suxeitos aos que hai que protexer, carentes de autonomía, dependentes do que consigan mudar as leis autonómicas ou estatais e, ao tempo, do rearmamento do machismo para evitar perder a súa hexemonía.

Considera, porén, que non abonda coa proliferación de cambios legais se estes non van acompañados da dotación orzamentaria correspondente e necesaria para levalos a cabo. “A violencia só pode combaterse cun compromiso real que garanta a súa aplicación, asegurando os dereitos das mulleres e evitando que volvan expoñerse a situacións de violencia” e garantindo que as respostas institucionais, xudiciais, administrativas e empresariais que reciben “sexan as adecuadas ás súas necesidades e áxiles na resposta”.

Por iso chama ás delegadas e delegados da CIG a desenmascarar a “hipocrísia” das empresas e institucións á hora de abordar a violencia contra as mulleres. “A loita contra a violencia machista pasa por manter



unha actitude combativa, censurando e denunciando nos lugares de traballo, nas institucións, nos fogares e nas rúas, todas aquelas situacións

de machismo, discriminación e desigualdade que en si mesmas supoñen unha situación de violencia contra as mulleres”.

## Aplicación urxente de medidas

**Precisamente para combater esta situación, reclamamos a aplicación urxente das seguintes medidas:**

- Instar a empresas e administracións a negociar coa representación das persoas traballadoras para pór en marcha protocolos de prevención e actuación ante o acoso e outras expresións de violencia no traballo.
- Que se avalíen todos os riscos existentes nos postos de traballo, aínda que non os ocupen mulleres e mesmo cando non as haxa na empresa.
- Que se informe a todo o persoal sobre o uso da canle de denuncias e os dereitos laborais das vítimas.
- Actuación da Inspección de Traballo ante as infraccións en materia de relacións laborais e de prevención de riscos, tanto no caso de que as empresas non contén con procedementos e medidas para a prevención e actuación fronte o acoso e os riscos, como por non executalas ou facelo inadecuadamente.
- Denunciar diante de ITSS as empresas e administracións que non tramiten estas continxencias como accidente de trallo.
- Adoptar unha política de tolerancia cero coa violencia, o machismo e a discriminación nos lugares de traballo, incluíndo un réxime sancionador contra quen realice e ampare estas condutas.



# Proseguen as concentracións para exigir a concesión inmediata do indulto a Pintos

Dentro do calendario de mobilización sostida, o 19 de outubro desenvolveuse unha nova concentración diante do edificio administrativo da Xunta de Galiza de Ferrol para reclamar a concesión do indulto ao compañeiro e ex secretario comarcal da CIG, Xesús Anxo López Pintos.

Aínda que a solicitude formal foi presentada o 14 de novembro de 2022 e estivo acompañada por máis de 5500 sinaturas, así como das adhesións aprobadas por varios plenos municipais e comités de empresa da comarca, case un ano despois continuamos sen resposta ante a inxustiza da sentenza condenatoria.

“Seguimos á espera dese acto de reparación e de xustiza para Pintos”, aseverou o secretario xeral da CIG, Paulo Carril. “Cando dicimos e berramos que todos e todas somos Pintos é porque ninguén estamos libres do sufrir o mesmo que sufriu o compañeiro”.



Carril referiuse á impunidade policial na actuación vexatoria e na agresión que padeceu Pintos “xunto cunha actuación inxusta do poder xudicial que, erixido en salvador do sistema, actúa de acordo a uns principios que en absoluto responden á xustiza e imparcialidade”.

Nun contexto como o actual de crise social e extensión da pobreza laboral e de aplicación de duras po-

líticas neoliberais, a mobilización e a resposta social “son unha necesidade que tempos a clase obreira galega para defender os nosos dereitos, máis que están ameazadas polo mesmo que lle pasou a Pintos e pola vixencia dunha lei mordaza e un Código Penal que agrava delitos relacionados coa protesta social. Se realmente estamos nunha democracia, queremos mobilizarnos sen ter estas ameazas”.

## Os bombeiros/as comarcais seguen en loita por unhas condicións dignas e un servizo de calidade

Os bombeiros/as dos parques comarcais levan meses densenvolvendo unha dura loita por un convenio único que dignifique as condicións de traballo, que se recoñeza dunha vez a fixeza dos seus contratos (seguindo a doutrina do TS) e que se reforcen os cadros de persoal para poder prestar un servizo de emerxencias de calidade e con seguridade.

O colectivo, integrado por unhas 500 traballadoras/es, está en folga indefinida dende o 15 de xuño e demándalles ás administracións responsábeis (Xunta de Galiza e Deputacións) que fixen un calendario de negociacións para avanzar nun acordo de convenio colectivo e na elaboración dunha RPT que valore adecuadamente o posto e as especificidades respecto do complemento específico desta profesión.

Pero, malia o peche continuado dos parques comarcais pola falta de

efectivos e os riscos que isto supón para a cidadanía e para os propios bombeiros á hora de realizar unha intervención, a Xunta e as catro Deputacións suspenderon a reunión prevista para primeiros de outubro, sen fixar unha nova data e sen responder á proposta de convenio único trasladada polo colectivo o 16 de xuño.

“Ás administracións dálles exactamente igual o servizo e a atención á cidadanía”, critica o presidente do comité de folga, Ángel Moldes, quen se amosa moi crítico cos intentos de restrinxir e criminalizar a súa loita sufridos nas protestas da Coruña e Lugo, onde, en presenza dun desproporcionado dispositivo policial, os bombeiros/as foron identificados e rexistrados un a un.

Moldes explica que a precariedade e falta de harmonización das condicións laborais derivan do modelo

de xestión privada das emerxencias posto en marcha pola Xunta de Fraga e fomentado e defendido polo actual presidente, Alfonso Rueda. O fracaso deste modelo obrigou á recuperación directa do servizo, pero neste proceso o persoal perdeu a fixeza dos seus contratos, mantendo condicións laborais cativas, con baixos salarios e unha carga de traballo excesiva polo mal dimensionamento dos parques. “O que reclamamos é saír da pobreza na que nos sumiu a xestión indirecta das Emerxencias en Galiza”, afirma.

Diante da pasividade das administracións o comité de folga convocou a Xunta e as Deputacións a unha xuntanza no CGRL, propóndolles un calendario de reunións e amosando a súa disposición a someterse incluso a unha mediación, co obxectivo de darlle solución a este problema.

# Galiza con Palestina: paremos o xenocidio!

## Unha vaga de solidariedade percorre o país para reclamar o alto o fogo e a chegada de axuda humanitaria a Gaza

Galiza está a demostrar unha vez máis a súa solidariedade cos pobos oprimidos do mundo. Nesta ocasión para reclamar o cese do xenocidio contra Palestina e demandar o alto o fogo e a posta en marcha de corredores que permitan a chegada da axuda humanitaria a Gaza.

Nas últimas semanas desenvolvéronse por todo o país máis de 40 mobilizacións convocadas polas organizacións Asociación Galaico-Árabe Jenín, BDS Galiza, Galiza por Palestina e Mar de Lumes, incluíndo unha concorrido manifestación que percorreu as rúas de Santiago o pasado sábado 28 de outubro. Protestas que contaron co apoio de moitas outras entidades do tecido social: organizacións estudantís, culturais, veciñais, políticas e sindicais, entre elas a CIG. Porque Palestina necesita máis ca nunca nestes momentos a solidariedade internacional, e o pobo galego ten unha longa traxectoria de apoio á causa palestina.

Dende as organizacións promotoras desta resposta solidaria insisten en que “como sociedade viva e crítica correspondéndonos denunciar o papel das institucións, parlamentos e partidos políticos da Unión Europea, do Estado español e de Galiza que se sitúan de perfil e naturalizan esta política de exterminio”.

Lembran que estas décadas de ocupación colonial de Palestina polo movemento sionista, “co apoio explícito e indisimulado das potencias imperialistas”, levaron o pobo palestino a unha situación extrema, até o punto de que se ten comparado co apartheid sudafricano.

### Fin da impunidade

Sen embargo, malia os sucesivos acordos internacionais, dos compromisos de Madrid aos de Oslo I e Oslo II, o territorio palestino continúa mingando a medida que Israel continúa o seu avance “a base de violencia sistemática, colonatos ilegais e operacións



máis ou menos grandes de castigo xeneralizado como a que estamos a ver estes días, e cuxa única función e producir un desprazamento da poboación árabe que deixe a terra valeira para despois poder ocupala e integrala baixo administración israelita”.

Por iso demandan tamén o fin da impunidade do estado sionista de Israel, a suspensión das relacións preferentes con Israel “e o remate do

descarado apoio diplomático, económico e político a esta matanza”. E reclaman dos distintos gobernos unha política activa de boicote, desinvestimentos e sancións internacionais que obrigue a Israel “a poñer fin á ocupación, a respectar a legalidade internacional e as resolucións das Nacións Unidas” e que se garanta o dereito ao retorno de todas as persoas refuxiadas de Palestina.